



CONVOCATORIAS DE PRENSA PARA O MÉRCORES, 27 DE FEBREIRO

12:00 HORAS - A Deputada de Cultura, Pilar García Porto, xunto con outras autoridades, presentará a nova programación do *Festival Atlántica*, que chega por primeira vez á provincia de Lugo, coa que colabora o Goberno da Deputación.

Vello Cárcere -Lugo-

13:00 HORAS - A Deputada de Cultura, Pilar García Porto, presenta o programa PROSCENIO, as axudas directas que ofrece o Goberno da Deputación ao teatro profesional da provincia. Faino nun encontro con representantes deste sector, no que participan Concelleiros de Cultura e técnicos municipais, así como entidades e asociacións implicadas nesta programación, co fin de poñer en común toda as iniciativas das compañías lucenses que participan neste proxecto.

CENTRAD -Lugo-

13:00 HORAS - A Deputada de Promoción Económica e Social, Sonsoles López Izquierdo, mantén unha xuntanza con directivos da Asociación e Familiares de Enfermos de alzheimer da provincia de Lugo, AFALU. Unha entidade coa que colabora o Executivo Provincial.

Salón Verde -Deputación-

OUTRAS CONVOCATORIAS:

09:00-21:00 HORAS: Continúa aberta a exposición co último proxecto da artista lucense Sesé Santiso, que leva por título "*O cotián revisado*".

Museo Provincial -Lugo-

09:00-21:00 HORAS: Continúa aberta as dúas exposición de Mercedes Vázquez Saavedra. Por unha banda presenta o traballos sobre as *Mulheres* do mundo rural, tanto de aldeas galegas como do norte de Portugal, e por outro, exhibe as *Máscaras* tradicionais de entroido en España e Portugal.

Museo Provincial -Lugo-

Lugo, 26 de febreiro de 2019